



IV CARREIRA POPULAR VÍA NOVA ``CONCELLO DE BANDE``

Data: sábado, 15 de xullo do 2017.

Hora: a partir das 19:00. Proba absoluta ás 20:00 h.

Lugar: Praza da Constitución.

Distancia: desde 100m. ata 8 km.

Organiza: Deputación de Ourense, Concello de Bande.

Colabora: Asociación VII Legio Gemina.

Inscrición: Límite 400 inscritos. Aboarase 6 Euros na proba absoluta para propietarios de Championchip e 7 Euros para non propietarios en Championchip <http://championchipnorte.com>.

Web: <http://www.concellobande.com>

Ou no telf.: [650 959 784](tel:650959784)

REGULAMENTO

1.- XERAL:

A Deputación de Ourense xunto co Concello de Bande e a colaboración da asociación VII Legio Gemina ,organiza a IV Carreira Popular Vía Nova "Concello de Bande", que terá lugar o próximo día 15 de xullo do 2017, con saída e meta na **Praza da Constitución**.

Participación: Poderán participar atletas federados e non federados.

2.- TEMPORALIZACIÓN

Data: **Sábado, 15 de xullo de 2017.**

Lugar: Praza da Constitución.

Horario e distancias:

17:00 → Recollida de dorsais. (para a categoría de escolares ata 1/2 hora antes da súa saída e 1 hora antes para os da carreira absoluta).

19:00 → Categorias escolares

- 19:00** { Prebenxamíns (100m)
- 19:15** { Benxamíns (400m)
- 19:30** {
 - Alevíns: 1.000m. (1 Volta o Circuito A)
 - Infantís: 2.000m. (2 Voltas o Circuito A)
 - Cadetes: 2.000m. (2 Voltas o Circuito A)

20:00 → **Carreira absoluta:** 8 Km aprox. (2 Voltas Circuito B)

21:15 aprox. → Entrega de premios.

3.- CATEGORÍAS:

Estableceranse as seguintes categorías cos seus correspondentes subgrupos:

Categoría escolar

- PREBENXAMIN: de 2010 en adiante } 100 m
- BENXAMIN: 2008/20 09 } 400 m
- ALEVÍN: Nados en 2006 e 2007 } 1.000 m
- INFANTIL: Nados en 2004 e 2005 } 2.000 m
- CADETE: Nados en 2002 e 2003 }


Categoría absoluta: 8 km aprox.

- JUVENIL/JUNIOR atletas nacidos/as entre 1997 y 2001
- SENIOR atletas nacidos/as entre 1983 y 1996
- VETERANOS A. Masculinos M- (35-44)
- VETERANOS B Masculinos M- (45-54)
- VETERANOS C. Masculinos M- (55- 64)
- VETERANOS D. Masculinos M- (65 POST)
- VETERANAS A. Femininos W-(35-44)

· **Circuíto B.**

Saída: Rúa Maestro Taibo, Rúa San Roque, Rúa Lamas Calvelo, Rúa Outeiro do Rei, Rúa Badella, Rúa Faustino Santalices, Rúa Grupo Escolar, estrada acceso Martiñán, Rúa da Fonte **Meta:** Rúa Maestro Taibo.

Correran os da categoría **absoluta**.



5.- INSCRICIÓN S :

Categoría escolar: Desde prebenxamín ata cadete, no Concello de Bande, o mesmo día da proba ou mediante o formulario habilitado na paxina de ChamiponChip Norte <http://championchipnorte.com/> (recomendable) e no **telefono: 650 959 784** . A inscrición destas categorías será gratuíta.

Carreira absoluta: na páxina ChampionChip Norte <http://championchipnorte.com/>, que se encargará das inscricións, dorsais, chips e resultados da categoría Absoluta ou no **telf: 650959784**. O custe da inscrición será de 6 euros + 1€ de aluguer de chip para o que non teña chip amarelo Championchip.



Non se admitirán inscricións fóra das datas previstas para elo.

AS INSCRICIÓN DA CARREIRA ABSOLUTA CERRARASE O XOVES 13 DE XULLO AS 23:59 OU CANDO SE CHEGUEN OS 400 INSCRITOS.

6.- PREMIOS:

- Trofeos para @s **tres primeir@s clasificad@s** da categoría absoluta e categoría escolar, masculino e feminina, e para @s **primeir@s clasificad@** dos subgrupos da categoría absoluta (xuvenil, senior e veteranos), masculino e feminina.

- Premio ao 1º e 1ª clasificada do Concello de Bande (ten que estar empadroadado/a no concello).

- Premio ao atleta máis veterano que participe na proba.

- Premio ao equipo con máis participación na categoría absoluta (ao inscribirse terán que especificar o club, contabilizaranse só os que cheguen a meta).

- En categoría prebenxamín e benxamín haberá medallas para tódol@s participantes ou ata os 50 primeiros clasificados entre as dúas carreiras.

OS ATLETAS QUE OBTEÑAN ALGÚN PREMIO DEBERÁN ACREDITARSE CO D.N.I. OU O PASAPORTE.

7.- AGASALLOS

Camisetas para os 200 primeiros inscritos da proba (para isto é obrigatorio inscribirse pola web de championship ou no teléfono 650 959 784, avituallamento para todos os participantes e regalos para os máis pequenos (medallas, chuches, etc).

8.- SERVIZOS


- Entrega de dorsais e chips.
- Puntos kilométricos sinalizados.
- Avituallamento de meta.
- Servizos sanitarios.
- Roupeiro



- Vestuarios e duchas.
 - Aparcamentos.
 - Clasificacións publicadas o instante.
 - Entrega de premios.
 - . Música
 - . Esponxas húmidas en caso de moita calor.
 - . Atraccións para nenos. Para que poidan correr os pais tranquilos.
 - . Atraccións tamén para os maiores para amenizar os tempos de espera.
- **CEA POST CARREIRA.**

Tódol@s que desexen pasar unha velada en compañía doutros corredores e compartir experiencias e anécdotas poderán facelo nunha cea o finalizar a entrega de trofeos sobre as 22:30h. O menú constará **dun primeiro, un segundo, sobremesa, café e bebida por 12 €.** Anotarse no telefono **650 959 784** antes do **13 de xullo.** ANIMÁDEVOS.

Mapa servizos:



Aperitivos chegada:

- . Camisetas técnicas (200 primeiros inscritos).
- . Mesa de Hidratación: Bebida recuperadora, auga ...
- . Mesa de Froitas
- . Mesa de chokolatinas
- . Mesa de froitos secos e gominolas.

Para as categorías escolares daráselle a cada neno unha bolsa de chuches para facer a proba máis doce .

*Solicitamos a colaboración de tod@s para que estacionen en ditos parkings, mellorando a organización, evitándose o posible estacionamento no interior da proba.

*Todos estes servizos, están predispostos para o uso e comodidade dos participantes e acompañantes co fin de utilizar os vehículos particulares o menos posible.

NORMATIVA:

- A) A saída e a chegada será na PRAZA DA CONSTITUCIÓN.
- B) A clasificación será absoluta.
- C) Os participantes deberán colocarse na liña de saída dez minutos antes de que se dea esta.
- D) Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. O incumprimento desta norma suporá a eliminación d@ atleta acompañado.
- E) O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.
- F) A Organización contará coa axuda dos organismos municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido. É unha obriga obedecer as indicacións de ditos organismos.
- G) Na proba absoluta será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe ofrecido pola organización.
- H) TODOS OS CORREDORES DEBERAN ENTREGAR O CHIP AO FINALIZAR A PROBA SE ESTE NON É O SEU PROPIETARIO.
- I) A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasione a participación nesta carreira.
- J) A organización da proba reservase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.
- K) Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións. A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.



Organiza: Concello de Bande e Deputación de Ourense e colabora asociación VII Legio Gemina.